

INFORME DAFO sobre o ABP nos centros educativos

DEBILIDADES

Traballar así obriga a un desenvolvemento máis lento do currículo. o tempo pode ser un handicap

A compartimentación do horario e o do espazo tradicional

Un alumnado que probablemente descoñece as destrezas previas neste tipo de aprendizaxe

O equipamento e acceso a Internet dos centros e as vivendas no rural

A falta de formación do profesorado á hora de implicarse no proxecto

Calquera fallo na rede nun mal momento pode deixarnos "colgados". Non hai libro de texto.

FORTALEZAS

Unha maior implicación do alumnado. Conectamos cos seus intereses.

Máis dinamismo nas actividades

O alumnado estará máis integrado. Haberá unha participación máis equitativa e unha interacción simultánea

Un método de traballo que reforza a autoestima do alumnado

Hai unha maior conexión entre aprendizaxe e realidade. As familias valorarán máis o traballo escolar

Un método que se adapta mellor ao esixido polas competencias educativas.

AMEAZAS

O currículo oficial pode entrar en contradición co este método

A coexistencia do ensino oficial en probas decisivas como a Selectividade e o acceso a Ciclos

Sistema educativo contradictorio nos seus obxectivos finais

As inercias e resistencias dentro da comunidade educativa

OPORTUNIDADES

Este método de aprendizaxe prepara mellor ao alumnado para un mundo máis interactivo

É posible atender mellor á diversidade e ao alumnado menos capacitado

Traballar en temas do entorno fai que o alumnado estea máis próximo ao que aprende na escola

Fomentamos o talento e a creatividade

DIFICULTADES E SOLUCIONES do ABP nos centros educativos

DIFICULTADES

Inseguridades iniciais para convencerá comunidade escolar sobre as vantaxes e os métodos precisos para levar a cabo un proxecto

Convencer a un sector do profesorado da conveniencia de alterar a distribución do mobiliario do aula para facilitar a interacción.

Tratar de conseguir algún periodo lectivo de 100 minutos en lugar dos curtos e habituais 50 minutos

Tratar de introducir cambios na programación que fomenten a interdisciplinariade

Deixar atrás a nosa maneira de impartir clase tan apegada ao libro de texto

Definir unhas ferramentas de avaliación rigorosas e fiables.

SOLUCIÓNS

Aprender máis doutros compañeiros. Sentirémonos máis seguros compartindo experiencias e solventando erros

Proporcionar ao alumnado unha experiencia directa do que significa o concepto de interdisciplinariade. Comprobarán que as diferentes áreas están relacionadas e , en realidade non hai compartimentos estancos

Abrir as aulas a axentes externos proporcionando unha sensación de conexión co mundo real.

Non angustiarse porque non participe da idea de cambio todo o mundo. Xa se irán incorporando aos poucos. Ademais a Aprendizaxe Baseada en Proxectos debe introducirse lentamente e pode convivir co ensino tradicional.

Facer actividades cunha boa difusión para que actúen de acicate noutros compañeiros e sexa aceptado polo alumnado

Coordinarse con outras etapas educativas anteriores para que alumnado e profesorado poidan familiarizarse en traballar por proxectos.

Humberto Martínez Gargamala
Charo Sánchez-Gabriel

